

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 4 DE OUTUBRO DE 2021**

### **ASISTENTES:**

*Alcalde-Presidente:*

*D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)*

*Sres./as. Concelleiros/as:*

*D<sup>a</sup>. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)*

*D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)*

*D<sup>a</sup>. Verónica Vigo Santamariña (ídem)*

*D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)*

*D<sup>a</sup>. Ángeles Puentes Maceiras (ídem)*

*D. Eduardo Rodríguez Rey (ídem)*

*D<sup>a</sup>. Soraya María Fernández Leal (ídem)*

*D. José Manuel Sanmartín Fornos (ídem)*

*D. Eduardo José Pereira Armoso (PP)*

*D. Roberto Rey Fernández (ídem)*

*D<sup>a</sup>. Cristina Bouza Bellón (BNG-G. Mixto)*

*D. Carlos Caaveiro Puentes (MOVENEDA-G. Mixto)*

*Na Casa da Cultura da Vila de Neda, sendo as doce horas e seis minutos do día vinte catro de outubro de dous mil vinte e un, convocado en forma regulamentaria, reúnese en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, en sesión de carácter ordinario, o Pleno do Concello, ao cal asisten os concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan, que son todos os integrantes da Corporación. Actúa como Secretario o titular deste Concello de Neda, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora desta entidade, D<sup>a</sup>. Sonia Lorenzo Barbeito.*

Sendo a hora sinalada e co *quórum* regulamentario a Presidencia acorda dar comezo á sesión, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día cursada xunto coa convocatoria, adoptándose, en relación cos mesmos, os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar.

Previamente, a Presidencia xustifica a realización da sesión plenaria na Casa da Cultura en lugar de celebrarse no Salón de Sesións, co obxecto de cumprir os protocolos de seguridade e saúde establecidos como consecuencia da pandemia covid-19.

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, ORDINARIA DE 26/07/2021**

O Pleno, en votación ordinaria e por maioría absoluta, presta aprobación a acta da sesión, con 12 votos a favor da súa aprobación dos Sres. Concelleiros de PSdeG-PSOE, PP e BNG-Grupo Mixto, e sen ningunha abstención ou voto en contra, posto que nesta sesión, no seguinte punto da orde do día, toma posesión o Sr. Concelleiro de MOVENEDA-Grupo Mixto.

### **2º.- TOMA DE POSESIÓN DE D. CARLOS CAAVEIRO PUENTES NO CARGO DE CONCELLEIRO**

Dáse conta de que o Pleno do Concello, en sesión celebrada o día 26/07/2021, tomou coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleiro deste Concello de Neda, presentada en legal forma por D. Juan Carlos Pita Galego, pertencente á candidatura de MOVIMENTO VECIÑAL DE NEDA (MOVENEDA), e incardinado no Grupo Mixto Municipal, e acordou solicitar á Xunta Electoral Central a expedición da credencial acreditativa da condición de electo en favor de D. CARLOS CAAVEIRO PUENTES, candidato seguinte na candidatura de MOVENEDA nas eleccións locais de 2019, quen aceptou expresamente a citada solicitude.

Vista a credencial de Concelleiro expedida pola Xunta Electoral Central con data 10/08/2021 pola que se designa a D. CARLOS CAAVEIRO PUENTES, como Concelleiro Electo por estar incluído na lista de candidatos presentada polo MOVEMENTO VECIÑAL NEDA ás eleccións locais do 26 de maio de 2019, en substitución, por renuncia, de D. Juan Carlos Pita Galego.

Visto que consonte co establecido no artigo 75.7º da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local e artigos 30 a 32 do Regulamento de Organización e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concelleiro electo presentou declaracións de intereses e actividades, non existindo impedimento legal para a súa toma de posesión.

A continuación procédese ao xuramento ou promesa polo Sr. Caaveiro Puentes do cargo de Concelleiro deste Concello de Neda, a tal fin polo Secretario da Corporación dáse lectura á fórmula legalmente establecida:

“Xura ou promete pola súa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigacións do cargo de Concelleiro do Concello de Neda con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución, como norma fundamental do Estado, así como o Estatuto de Autonomía de Galicia?”.

Respondendo o Sr. Caaveiro Puentes que promete.

Prestada a promesa toma así posesión do seu cargo de Concelleiro do Concello de Neda e incorpórase á sesión o Concelleiro D. CARLOS CAAVEIRO PUENTES.

### **3º.- DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA 35/2021 E 36/2021**

O Pleno toma coñecemento dos citados Decretos, copia dos cales quedan a disposición dos corporativos.

### **4º.- ROGOS E PREGUNTAS**

Constan en ficheiro resultante da gravación audiovisual da sesión.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e coarenta e oito minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde

O Secretario Xeral